

CERTIFICACIÓNS DE NACEMENTO, MATRIMONIO E DEFUNCIÓN

- Poderá solicitar certificacións de nacemento, matrimonio e defunción calquera persoa que as necesite, sen necesidade de ser o propio rexistrado.
- O servizo de certificación deslocalizada permite que os cidadáns obteñan certificados de nacemento, matrimonio e defunción **en calquera oficina de Rexistro Civil informatizada**, sexa esta ou non a oficina do Rexistro Civil Municipal na que se ache o asento informatizado ou dixitalizado, así non teñen porqué desprazarse fisicamente á oficina rexistral onde se produciu o feito acaecido.
- As certificacións expedidas **para o primeiro DNI e as plurilingües ou internacionais deberán ser emitidas única e exclusivamente** pola Oficina do Rexistro Civil onde está inscrito o feito.
- As certificacións enviadas por calquera medio mecánico ou electrónico non terán validez algunha.
- As certificacións son gratuítas e pódense solicitar a través de e-mail (www.mjusticia.es), por fax (**986 805 766**) ou por correo ordinario (Rexistro Civil de Pontevedra, Edificio Novo dos Xulgados, sito c/ Hortas s/n). As certificacións serán enviadas por correo ordinario.
- Terán plena validez os certificados descargados con certificado dixital ou DNI electrónico

Se se solicita o certificado de forma presencial, deberá pedir cita previa a través da páxina Xustiza.gal.

- **Trámite: "Certificacións"**. O horario de atención ao público para este trámite será de luns a venres de 9:00 a 12:00 horas.